



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

### **CIRCULAR 26-2013 (rectificada sede)**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os asambleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 10.000 M EN PISTA AIRE LIBRE E DAS CATEGORIAS JUNIOR E PROMESA**

Pistas Universitarias do Campus de Ourense, 24 de Marzo

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Ourense e o Club Deportivo Aurum organizará o Campionato Galego Absoluto de 10.000 e das categorías junior e promesa nas pistas de atletismo da do Campus de Ourense o vindeiro domingo **día 24 de marzo** do 2013, contando ca colaboración ca Vicerreitoría do Campus de Ourense-Universidade de Vigo, a Concellería de Deportes e o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, dentro do 2º Trofeo Club Deportivo Aurum,.

**Art.2)** Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2012/13) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.3** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 19 de marzo do 2013.**

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)** Poderán participar tódolos-as atletas clasificados entre os 15 primeiros no campionato galego absoluto de campo a través (2013) e os 8 primeiros-as das categorías junior e promesa. Tamén poderán tomar parte os 8 primeiros-as do ranking absoluto (2011-2012) nas distancias de 5000, 10000, 10km ruta ou ½ maratón. No caso de non haber suficientes atletas inscritos que cumplan os requisitos de participación aceptaranse ata **24** atletas dos inscritos, tendo en conta a clasificación no último campionato galego de campo a través e a marca acreditada na distancia.

**Art.7)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.8)** Horario da competición:  
12:00 h. 10.000 mulleres  
13:00 h. 10.000 homes



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

---

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.10)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez

Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 6 de marzo de 2013

---